


 <p>XUNTA DE GALICIA</p> <p>CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>EPAPU Albeiros Parque da Milagrosa s/n. 27003 LUGO Tfnos.: 982 216 033 982 211 751. Fax: 982 201 619 Email: epa.albeiros.lugo@edu.xunta.es Facebook: Epa Albeiros Web: www.epalugo.org Twitter: @EPAPU_Albeiros</p>	
---	--	---

BASES DO II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA ESCOLAR

O BARRIO DA MILAGROSA



1. CONVOCATORIA:

O EPAPU Albeiros en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, convoca o II Concurso de fotografía “O Barrio da Milagrosa”.

2. TEMA:

“O barrio da Milagrosa” pretende aumentar o grao de sensibilización sobre as persoas que viven ou transitan por este contorno, a natureza, o mobiliario urbano, edificios públicos, xardíns e prazas do barrio. Convócase un concurso de propostas fotográficas que amosen a visión do alumnado sobre as dificultades que atopan no barrio, así como a súa beleza. Valorarase a atención aos colectivos con maior vulnerabilidade, como as mulleres e inmigrantes. Cada alumna/o presentará unha proposta que o representará no concurso.


3. PARTICIPANTES:

- Estudantes de todos os niveis do EPAPU Albeiros de Lugo.*
- O profesorado e persoal laboral do centro pode aportar fotografías FÓRA DO CONCURSO para enriquecer a exposición.*

4. PRESENTACIÓN DE TRABALLOS:

Farase de acordo coas seguintes normas:

- Enviárase unha proposta en papel normal ou fotográfico. Tamén se pode enviar en formato dixital á dirección epa.albeiros.lugo@edu.xunta.es indicando no asunto: Concurso de fotografía
- As propostas serán orixinais e inéditas.
- Os traballos impresos poden entregarse en Conserxería e deben incluír:
 - Nome, nivel educativo, curso e idade da persoa do/a autor/a.
 - Correo electrónico e número de teléfono da persoa participante.
 - Título do/s traballo/s e/ou resumo/s que expliquen a proposta presentada (opcional).



5. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO:

As propostas poden presentarse ata o 17 de marzo de 2017.

O fallo do xurado formado por profesorado do EPAPU farase público o 28 de marzo de 2017.

O EPAPU organizará unha exposición con todas as propostas recibidas.

6. PREMIOS:

A persoa gañadora recibirá un lote de libros, música e/ou material audiovisual en lingua galega por valor de 100 euros.

7. EXPOSICIÓN DE TRABALLOS FÓRA DE CONCURSO:

- Incluirá **TODAS** as propostas presentadas dentro e fóra de concurso.

*Podes consultar as Bases completas en:

<http://www.blogoteca.com/normalizacionepalugo/>

ANIMÁDEVOS A PARTICIPAR